

**DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO, A XORNADA COMPLETA, CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, Ó ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017 PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).**

En Meis, D. JOSÉ LUJIS PÉREZ ESTÉVEZ, Alcalde-Presidente deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a resolución da Consellería de Economía e Industria de concesión de subvención ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017 (DOG nº 26 do 6 de febreiro de 2018) para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal a xornada completa de dúas persoas desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou tarefas de valorización forestal (código do procedemento TR351G).

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de dúas persoas desempregadas, *2 traballadores forestais en xeral*, con carácter de laboral temporal a xornada completa.

2º. Presentar a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Cambados.

Mándao e asíno o alcalde, do que, como secretaria DOU FE.

Documento asinado electrónicamente á marxe.